



## **RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Listas definitivas PI Técnico/a XE e Tesouraría

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/001203

Vistas as Resolucions da Alcaldía nº 588/201, de 11 de xuño de 2021, e a súa corrección de erros aprobada pola Resolución da Alcaldía nº 792/2021, de 7 de xullo de 2021, pola que se aproban as bases e a convocatoria que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de técnico/a de xestión económica e Tesouraría, funcionario/a de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2019.

Considerando que con data 20 de outubro de 2021 finalizou o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional de persoas aspirantes, resultando que non se formularon alegacións nin emendas á devandita lista.

Vista as Bases que rexen a convocatoria, e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de técnico/a de xestión económica e Tesouraría, funcionario/a de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2019.



### Persoas aspirantes admitidas

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	EXAME DE LINGUA GALEGA	LINGUA EXERCICIOS
RODRÍGUEZ PORTO	DIEGO	*****749S	EXENTO	CASTELÁN

**Segundo.-** Convocar aos membros do tribunal cualificador para o vindeiro día 28 de outubro de 2021 ás 9.00 horas, na Sala de Xuntas do Concello, aos efectos de constitución do tribunal e valoración dos méritos achegados polas persoas aspirantes.

**Terceiro.-** Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica deste Concello: [www.teo.gal](http://www.teo.gal) e notificala aos membros do tribunal cualificador.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe.

O alcalde  
Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe  
Virginia Fraga Díaz